



CONVENIO ENTRE A FUNDACIÓN GALICIA EUROPA E O INSTITUTO GALEGO DE PROMOCIÓN ECONÓMICA PARA O ACOLLEMENTO DUNHA PERSOA BOLSEIRA DO PROGRAMA DE ADQUISICION DE COMPETENCIAS PROFESIONAIS EN MATERIA DE INTERNACIONALIZACIÓN EMPRESARIAL DO IGAPE NA SEDE DA FUNDACIÓN GALICIA EUROPA EN BRUXELAS

REUNIDOS

Dunha parte, Jesús Gamallo Aller, director da Fundación Galicia Europa (en adiante FGE) con CIF G-15140023, que intervéñ neste acto por conta e en representación da mesma, segundo recollen os Estatutos da FGE elevados a escritura pública perante o Notario de Santiago de Compostela, don José Manuel Amigo Vázquez, o vinte e un de decembro de dous mil dezaioito, co número tres mil trescentos setenta e oito do seu protocolo.

Doutra, Fernando Guldrís Iglesias, en representación do Instituto Galego de Promoción Económica (en adiante, Igape), con CIF Q-6550010-J, e domicilio no Complexo Administrativo de San Lázaro, s/n, 15703, Santiago de Compostela (A Coruña). Está facultado para este acto en virtude da delegación de facultades do 23 de decembro de 2016 do Presidente do Igape, feita pública mediante Resolución do 25 de xaneiro de 2017 (DOG nº 23, do 2 de febreiro de 2017).

Recoñecéndose mutuamente ambas partes plena lexitimación, capacidade e representación para acordar libremente o que as súas respectivas entidades lles resulta de interese para o desenvolvemento das súas funcións,

EXPOÑEN

I. Que os Estatutos da FGE lle atribúen a esta a promoción de todas aquelas accións legais que fomenten o achegamento da realidade galega a europea, para o que mantén en funcionamento unha oficina en Bruxelas, que sirve de apoio a sociedade galega en xeral, e as entidades presentes no Padroado da Fundación en particular, para a xestión de asuntos relacionados coa Unión Europea e as organizacións rexionais.

A FGE ten por finalidade o fortalecemento institucional de Galicia, o fomento da súa economía social e produtiva e a promoción de todas aquelas accións que, respectando as disposicións legais existentes, fomenten o achegamento de Galicia á realidade europea, defendendo os seus intereses perante as institucións comunitarias e difundindo os valores europeos entre a sociedade galega.

Para o cumprimento deste propósito e de acordo co previsto no seus Estatutos, á Fundación lle corresponde favorecer a visibilidade de Galicia e os seus sectores produtivos facendo o seguimento das políticas comunitarias e fomentando a participación da nosa Comunidade Autónoma nas redes, plataformas ou asociacións de ámbito europeo, prestar apoio ás pequenas e medianas empresas, fomentar a súa participación en proxectos europeos e introducilas en novos mercados, así como formar á mocidade galega nos asuntos europeos e concertar con outras institucións, públicas ou privadas, a materialización de actuacións tendentes á realización dos obxectivos fundacionais.

Forman parte do Padroado da FGE:

a) Presidente/a: A persoa titular da Presidencia da Xunta de Galicia ou persoa en quen delegue



- b) Vicepresidente/a: A persoa titular da Vicepresidencia, Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza ou persoa en quen delegue
- c) Director/a: A persoa titular do centro directivo competente en materia de Relacións coa Unión Europea da Xunta de Galicia ou persoa en quen delegue
- d) Vogais en representación da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia:
 - A persoa titular da Consellería de Facenda ou persoa en quen delegue
 - A persoa titular da Consellería de Economía e Industria ou persoa en quen delegue
 - A persoa titular da Consellería do Medio Rural e do Mar ou persoa en quen delegue
 - O/A director/a da Axencia Galega de Innovación ou persoa en quen delegue
- e) Vogais en representación doutras entidades:
 - O/A presidente/a de ABANCA ou persoa en quen delegue
 - O/A presidente/a da Deputación de Lugo ou persoa en quen delegue
 - O/A presidente/a da Deputación da Coruña ou persoa en quen delegue
 - O/A delegado/a especial do Estado no Consorcio Zona Franca de Vigo ou persoa en quen delegue
 - O/A presidente/a do Consello Galego de Cámaras de Comercio ou persoa en quen delegue

II. Que ao Igape, en liña coas funcións que ten encomendadas como instrumento básico de actuación da Xunta de Galicia para impulsar o desenvolvemento competitivo do sistema produtivo galego, está a levar a cabo unha serie de accións no ámbito exterior desde o apoio á formación de capital humano especialista no eido internacional, o apoio as empresas galegas no seu proceso de expansión exterior e a captación de investimentos estranxeiros cara a Galicia.

Por conseguinte, dentro do seu Programa de adquisición de competencias profesionais en materia de internacionalización empresarial, que ten a finalidade de mellorar a empregabilidade e poner a disposición das empresas galegas profesionais que lles axuden a mellorar a súa competitividade, interésalle contar cunha persoa bolseira en Bruxelas.

As bases reguladoras do Programa de adquisición de competencias profesionais en materia de internacionalización empresarial, aprobadas polo Consello de Dirección do Igape do 26 de novembro de 2019 e publicadas no DOG nº 42 do 3 de marzo de 2020 por Resolución do director xeral do Igape do 19 de febreiro de 2020 establecen no seu artigo 5 que, a formación práctica da persoa bolseira levarase a cabo no estranxeiro e/ou en Galicia para realizar labores de investigación de mercados, estudo de empresas e a súa planificación para internacionalización e investigación das posibilidades de cooperación internacional entre empresas galegas e estranxeiras.

Este convenio tramítase de conformidade co disposto na Orde do 11 de febreiro de 1998 pola que se regula a tramitación anticipada de expedientes de gasto, quedando condicionada a súa eficacia ata a existencia de crédito adecuado e suficiente.

En consecuencia, e por razón da sintonía de obxectivos e tarefas asignadas á FGE e ao Igape,

ACORDAN

Primeiro.- Obxecto.

É obxecto do presente convenio regular as relacións de colaboración entre a FGE e o Igape para o acollemento dunha persoa bolseira do Programa de adquisición de competencias



profesionais en materia de internacionalización empresarial, nas instalacións da FGE en Bruxelas.

As actividades do convenio coinciden plenamente coas que vén desenvolvendo habitualmente a FGE, sumando vantaxes e sinerxías, contribuíndo a consecución dos fins comúns de ambas as dúas entidades, así como á axeitada dinámica e axilidade para o IGAPE, ao crear un marco de colaboración no que se unen as experiencias e eidos de competencias de cadaquén para reforzar o fin común dun interese público como é o fomento da economía produtiva de Galicia e por conseguinte a mellora da empregabilidade e competitividade das empresas galegas mediante o fortalecemento institucional de Galicia en Europa.

A FGE, na súa oficina de Bruxelas, porá a disposición do IGAPE o espazo preciso para a persoa bolseira do Programa de adquisición de competencias profesionais en materia de internacionalización empresarial designada polo Igape, para levar a cabo as tarefas que lle sexan asignadas.

A FGE permitirá a utilización dos servizos administrativos comúns da oficina, polo que a persoa designada deberá someterse ás condicións de uso que determine a Dirección da oficina, así como cumprir coas normas de réxime interior que dite aquela. Así mesmo, deberá acomodarse ao horario, xornada e demais elementos determinados polo réxime de funcionamento interno desta oficina.

Consecuentemente, o IGAPE comprométese a garantir o mantemento da orde interna da oficina e o seu respecto por parte da persoa bolseira destinada nela. A este fin, se a actividade da persoa destinada distorsionase, entorpecese ou obstrúise o desenvolvemento do traballo habitual da oficina, a Dirección da FGE en Bruxelas remitirá unha memoria detallada sobre tales circunstancias ao Igape e ao Director da FGE, que adoptarán as medidas precisas para restaurar a orde interna, incluída a revogación da bolsa, se fose preciso.

Para garantir a coordinación, a formación e a unidade de acción da oficina da FGE en Bruxelas, o Igape manterá informada á Dirección da oficina das directrices de formación trasladadas á persoa bolseira, debendo esta, a súa vez, manter igualmente informado ao Igape dos resultados daquela.

Segundo.- Contía.

Como compensación polos gastos ocasionados pola posta a disposición das instalacións e dos medios materiais da oficina, o Igape aboará a FGE e con cargo a partida orzamentaria 06.A1.741A.226.99 a cantidade de 6.000,00 euros para o ano 2022. O aboamento domiciliarase na conta bancaria aberta en ING BELGIUM S.A., Avenue Marnix 24 à 1000 Bruxelles, con IBAN: BE67 3631 7928 0187 e BIC: BBRU-BE-BB-010 da que é titular a FGE.

O aboamento da contía estipulada realizarase ao remate da vixencia do convenio contra certificación da Dirección da oficina da Fundación en Bruxelas da correcta realización das prácticas da persoa bolseira destacada polo Igape, que será a única xustificación esixible a aquela.

O Igape designará á persoa bolseira destinada na FGE.



De acordo co establecido no artigo 16 das bases reguladoras do Programa de adquisición de competencias profesionais en materia de internacionalización empresarial, o Igape aboaralle á persoa destinada na FGE a dotación económica da bolsa.

Antes de comezar co exercicio das súas funcións, precisarase que o Igape comunique por escrito á Dirección da FGE a súa designación.

Terceiro.- Relación xurídica da FGE.

A colaboración da FGE co Igape non preconstitúe relación ou negocio xurídico algún de orde civil, mercantil, laboral ou administrativo daquela coa persoa destinada polo Igape. Do mesmo xeito, a Fundación non asumirá responsabilidade algunha por lesións, danos ou prexuízos que puidese provocar ou sufrir a persoa destacada, fose por acción ou omisión, correndo por conta do IGAPE as reparacións, indemnizacións e gastos precisos para repoñer ao seu ser e estado orixinario o ben xurídico que puidera resultar afectado.

Cuarto.- Interpretación do Convenio.

As lagoas ou diverxencias que puidesen apreciarse na aplicación do presente convenio integraranse ou resolveranse por unha Comisión de Seguimento, que estará formada polo Director da FGE, ou persoa na que delegue, e polo Director da Área de Internacionalización do IGAPE, ou persoa na que delegue. Se transcorridos quince días naturais contados a partir da constatación da existencia dunha lagoa ou diverxencia, a devandita comisión non tomase unha decisión ao respecto, calquera das partes poderá denunciar o convenio e resolver a relación xurídica da que trae causa, sen prexuízo do seu sometemento ao que determinen os Tribunais de Xustiza da orde xurisdiccional competente. No caso de que fose a xurisdición civil, as partes acordan someterse ao foro dos Tribunais de Santiago de Compostela, onde ten o seu domicilio a FGE, renunciando a iniciar accións en calquera outra sede xudicial.

Quinto.- Entrada en vigor e duración.

O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e a súa vixencia estenderase ata o 30 de decembro de 2022.

Sexto.- Penalizacións.

A renuncia á bolsa por parte da persoa bolseira ou o cambio de destino deste por parte do Igape non implicará penalización ao Igape, sendo o aboamento da compensación proporcional á duración efectiva da estadía da persoa bolseira na FGE.

Sétimo.- Resolución do convenio.

As partes poderán modificar ou resolver o presente convenio en calquera momento por mutuo acordo.

Así mesmo, este convenio poderá ser denunciado polas partes cun mes de antelación, debendo en todo caso quedar terminadas as actividades acordadas.

O incumprimento de calquera das obrigas contraídas no presente convenio por unha das partes facultará á outra para resolvelo, cos efectos que legalmente procedan.



Oitavo.- Natureza xurídica e marco xurídico aplicable.

O presente convenio ten natureza xurídico-administrativa, quedando fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, de conformidade co seu artigo 6.1.

Este convenio rexerese polas súas propias cláusulas e a interpretación que destas realice a Comisión de Seguimento, así como pola normativa xeral que resulte aplicable, aplicándose os principios da Lei 9/2017, de contratos do sector público, para resolución de dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

E en proba da súa plena e voluntaria conformidade coas estipulacións arriba consignadas, ambas as dúas partes asinan o presente convenio o 18 de xaneiro de 2022.

Polo Instituto Galego de Promoción Económica

Pola Fundación Galicia Europa

Fernando Guldrís Iglesias

Jesus Gamallo Aller